

PREGUNTAS E DÚBIDAS FRECUENTES AO INSCRIBIRSE NUN PROCESO SELECTIVO

- 1. Podo inscribirme de modo presencial?** Non, a inscrición é electrónica a través do formulario habilitado. Naqueles casos nos que polo tamaño dos arquivos ou o volume dos documentos a presentar non sexa posible a súa presentación a través da sede electrónica acéptase a entrega de documentación a través do rexistro da Universidade, pero sempre como complemento dunha solicitude electrónica.
- 2. Se me trabuco na solicitude, como podo modificala?** Facendo unha nova, sempre no prazo de inscrición.
- 3. Estou no paro, podo acollerme á bonificación do 50%?** A bonificación só se aplica a persoas que estivesen desempregadas de xeito non interrompido desde 6 meses antes da publicación da convocatoria no DOG e ata o momento da inscrición, e que acrediten non estar a recibir prestación ou subsidio por desemprego no momento da inscrición. Lembra que se no formulario marcas esta opción sen cumprir os requisitos serás excluído/a sen posibilidade de emenda.
- 4. O número de conta que se me pide é para cobrar a inscrición?** Non, o pagamento faise mediante tarxeta a través dunha pasarela de pago ou de xeito presencial no banco. O número de conta solicítase unicamente para posibles devolucións de taxas.
- 5. Podo pagar as taxas ou completar o seu pagamento fóra do prazo de presentación de solicitudes?** Non, as taxas deben aboarse exclusivamente no prazo de presentación de solicitudes. Todas as persoas que non o fagan nese período quedarán excluídas. Se te acolles a algunha causa de exención ou bonificación de taxas, e non cumpres os requisitos, non poderás aboala ou completala unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes.
- 6. Podo modificar a miña solicitude no prazo de emenda entre listas provisionais e definitivas?** O prazo de emenda é para subsanar as causas que deron lugar á exclusión ou a omisión, non se permite modificar a solicitude. É importante non cometer erros ao escoller a quenda (promoción interna ou libre, ou cota de reserva para persoas con discapacidade), posto que non se consideran defectos emendables (ver punto 2).

- 7. Como podo emendar a miña solicitude?** Ao igual que ocorre co proceso de inscrición as emendas das solicitudes realizaranse exclusivamente a través do formulario electrónico habilitado ao respecto dispoñible na sede electrónica no prazo correspondente.
- 8. O CELGA ou equivalente achégase coa solicitude ou ao final do proceso?** Sempre coa solicitude, se non terás que realizar a proba de galego, salvo o persoal que teña ou tivese expediente como PAS na universidade e conste debidamente acreditado nel.
- 9. Cando debo achegar a titulación requirida ou o certificado médico?** Cando o tribunal publique a proposta definitiva das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e figuras nela. No caso de ficar en listas de agarda e que a USC che oferte un contrato, será nese momento no cal terás que achegar esa documentación.
- 10. A onde podo dirixirme para consultar máis dúbidas sobre inscrición en procesos selectivos?** Recomendamos que leas en detalle a convocatoria, pero podes escribir a splanificacion.pas@usc.es ou chamar ao teléfono 881 813 401.